

[Ferrol CGT entra con forza no Comité de Empresa de Navantia



A **CGT** obtivo 3 delegados nas eleccións sindicais de onte, Xaquín García Sinde e Javi Losada, por Técnicos, e Vicente Ferrer, por Man de obra. Ademais, superamos en votos á UGT globalmente e tamén superamos á CIG no colexio de Técnicos. Tódolos inicios son difíciles, e máis nunha fábrica de tanta tradición sindical como a nosa. Por tanto, estes 3 delegados é un resultado moi digno (e sen chamadas telefónicas nin visitas de última hora ós afiliados). Agradecemos a tódalas persoas que nos votaron o apoio a un sindicalismo de clase coherente e a confianza depositada na **CGT**. Os resultados globais son:

***Total 2019**Total 2015**Man de obra 2019**Man de obra 2015**Técnicos 2019**Técnicos 2015**CCOO**9115744**CGT**
3-1-2-CIG453312MAS442222UGT332211Total23231314109

Como se ve, CCOO sofre un severo retroceso, perdendo 2 delegados. É a primeira vez que CCOO baixa dos 10 delegados e tamén do 40% dos votos. De feito, CCOO deixouse nestas eleccións nin máis nin menos que dez puntos porcentuais, baixando dun 47% en 2015 a un 37% agora.

Pero hai outro dato a destacar: **a CGT quedou a só un voto de obter un cuarto delegado (que perdería UGT en Man de obra)**. De ter ocorrido isto, significaría que, por primeira vez, CCOO e UGT non sumarían maioría absoluta, abríndose así a posibilidade teórica de que CCOO incluso chegase a perder a presidencia do comité de Ferrol. Non estamos nesta posibilidade por un só voto, pero en calquera caso este dato ilustra moi ben a tendencia ó declive dos sindicatos que nos últimos anos están a colaborar coa empresa no recorte dos dereitos dos traballadores, UGT a raíz do IV Convenio e CCOO a raíz do Convenio único.

Por iso estes resultados tamén representan un claro rexeitamento dos traballadores á dirección de Navantia, cuxos intentos de interferir nestas eleccións foron descartados: fraude no censo electoral na factoría de San Fernando (inflado pola empresa con xente de Cartagena), parcialidade escandalosa do xefe de Persoal de Ferrol, que actuou como tal dende a presidencia da Mesa electoral central (toda a chafallada do voto ?delegado?, que finalmente non se contabilizou), anuncios de promocións e aumentos salariais no día de onte... Pero a xente non é tan parva como algúns se pensan, e estas manobras tiveron o efecto contrario ó buscado.

Para analizar estes resultados en profundidade e decidir os seguintes pasos a dar pola **CGT**, convocamos unha:

ASEMBLEA DE AFILIADOS/AS E SIMPATIZANTES o xoves 11 ás 10:00 h. no salón de plenos do comité

Sección Sindical Unitaria de CGT en Navantia Ferrol